



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, VENRES 26 DE XANEIRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 12:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

AUSENCIAS:

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 30/11/2017 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLOS

2.1.- ESCRITO DO SERVIZO DE URBANISMO DA CORUÑA, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DANDO AUDIENCIA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE MELIDE (A CORUÑA)

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa do servizo de urbanismo da Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 66 en data 12/01/2018, no que se achega unha copia da documentación enviada polo concello de Melide da Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento dando audiencia ao concello de Boimorto como municipio limítrofe. O prazo para responder é de tres meses, durante os cales poderán emitirse os informes e alegacións que estimen pertinentes.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as, acordando remitir aos servizos técnicos este documento.

2.2.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, INFORMANDO SOBRE A TRAMITACIÓN DOS PLANS XERAIS DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E DAS SÚAS MODIFICACIÓNS PUNTAIS

Pola secretaria dáse conta do escrito da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, con rexistro de entrada no concello co número 67 en data 12/01/2018, no que se informa que a Lei



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2/2016, do 10 de febreiro, contempla que sexa a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo quen solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, realice as consultas ambientais e dea audiencia aos concellos limítrofes.

O concello deberá solicitar, no momento que corresponda en cada caso, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada no concello co número 123 en data 22/01/2018, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas cuantías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/Novo (N)	Total asignado 2017 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuadrimestre (A)
Traballor/a social	1	16.815	0	16.815	0	16.815	8.407,50
TOTAL		16.815	0	16.815	0	16.815	8.407,50

Total asignado: 16.815,00 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente – 1º anticipo xa librado no 1º cuadrimestre: 8.407,50 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE SOBRE COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE PERSOA DE CONTACTO EN SOGAMA PARA ASUNTOS RELACIONADOS COA TRANSFERENCIA E O TRANSPORTE DE RESIDUOS

Pola secretaria dáse conta do escrito do presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, con rexistro de entrada no concello co número 126 en data 22/01/2018, no que comunica que a persoa que ocupaba o cargo de Xefe de Transferencia e Transporte de Residuos Urbanos causou baixa na empresa por xubilación. Para calquera comunicación ou xestión relacionada coa Transferencia e Transporte de Residuos Urbanos que afecte ao concello e que se atope relacionada con SOGAMA, poderán dirixila aos seguintes contactos pertencentes ao departamento técnico da sociedade:

- . Simón Neira García
- . José Antonio Álvarez Alcoba

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA COMUNICACIÓN PREVIA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN LOBOMORTO (ARCEO)

Pola secretaria dáse conta do escrito recibido do departamento de tramitacións de Unión Fenosa Distribución da Delegación da Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 36 en data 4/01/2018, no que se achega xustificante de pago do ICIO e o depósito de fianza mediante aval bancario de 2.527,75 €uros, practicada por este concello no acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 27 de xullo de 2017 de comunicación previa subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda unifamiliar en Lobomorto (Arceo).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 1 DE XULLO AOS ALUMNOS DO COLEXIO SAN IGNACIO DE SAN SEBASTIÁN (JESUITAS)

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por D. Iñaki Urretabizkaia Añorga, actuando en calidade de profesor de 2º ciclo da ESO e responsable da organización realización Camiño de Santiago cos alumnos e alumnas do 2º ciclo da ESO do colexio "San Ignacio de San Sebastián (Jesuitas)", con rexistro de entrada neste concello co número 96 en data 17/01/2018, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 50 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 1 de xullo de 2018.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 25/05/2013.

En aplicación do artigo 6.e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria "pola prestación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario lo pago para obter entrada que autorice a estancia", a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Iñaki Urretabizkaia Añorga, actuando en calidade de profesor de 2º ciclo da ESO e responsable da organización realización Camiño de Santiago cos alumnos e alumnas do 2º ciclo da ESO do colexio "San Ignacio de San Sebastián (Jesuitas)", para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 50 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 1 de xullo de 2018.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €), que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

4.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 18-02-2018

Neste intre, auséntase da sala de reunións da Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal por ter relación con este asunto.

Vista a solicitude presentada por D. José Balado Casal con DNI nº 76514858E en calidade de presidente da asociación de cazadores "Dobarro" de Boimorto, con domicilio en lugar Queis - Azanca nº 24, Santa Cruz de Montaos, Ordes, na que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 18/02/2018 de 10:15 a 13:15 horas para a celebración dunha reunión de cazadores.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar ao presidente da asociación de cazadores "Dobarro" de Boimorto, D. José Balado Casal, ó uso do salón de actos da casa de cultura para o día 18/02/2018 de 10:15 a 13:15 horas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer contra o mesmo.

Deseguido, incorpórase á Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

5.- LICENZA DE DEMOLICIÓN DE ALPENDRE EN CAMPO DA LANZA (ÁNXELES) SUXEITA AO PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO

Visto o expediente de solicitude de licenza de obra (OB-009S), tramitado a instancia de Dna. Carmen Segade Taboada con DNI nº 33132944H e con domicilio a efectos de notificación en Lg. Campo da Lanza núm. Ánxeles, Boimorto, A Coruña para as obras reflectidas no Proxecto e anexo de demolición de alpendre, no lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado nº 1.049.

Vista a resolución de data 1/12/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, rexistro de entrada número 2995 en data 20/12/2017, sobre a intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras. (Expediente número:2017/1467 CNC)

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López en data 17/01/2018.

Visto o informe de secretaría municipal de data 26/01/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e con fundamento nos informes do servizo técnico e da secretaría, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dna. Carmen Segade Taboada para demolición de alpendre no lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles (solo de núcleo rural, coa ordenanza de núcleo orixinario disperso) segundo o proxecto e anexo redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López, colexiado número1.049.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outórgase a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- As obras consisten na demolición dun antigo alpendre cunha superficie de 33,06 m², e unhas dimensións de 5,80 x 5,70 m.

- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material: 1.327,62 €uros

Liquidación 2%: 26,55 €uros

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Carmen Segade Taboada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

6.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DA FINCA Nº 116 DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BRATES-MERCURÍN

Vista solicitude presentada (con entrada en data 09/11/2017 nº 2581) por Dna María del Carmen Vigo Carbajales e Dna. María Luz Vigo Carbajales acompañada de proxecto de parcelación para segregar a finca nº 116 de concentración parcelaria de Brates-Mercurín con dúas referencias catastrais 15010A502001160000JD (rústica) e 15010A502001160001KF (urbana) redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José María López Louzao, colexiado nº 481.

De acordo co proxecto de Vigo Cabanas (117); Oeste, Elisa Vigo Cabanas (115), zona excluída e camiño. Ten unha extensión superficial de 19570 m2 e está clasificada no PXOM como solo de núcleo rural (coas categorías de expansión de núcleo e orixinario disperso) e solo rústico de protección agropecuaria.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López en data 19/12/2017.

Visto o informe de secretaría que consta no expediente de data 25/01/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de segregación a Dna. María del Carmen Vigo Carbajales e Dna. María Luz Vigo Carbajales para segregar a finca número 116 da zona de concentración parcelaria de Brates-Mercurín, cunha superficie inicial de 19570 m2 en:

PARCELA 116-2		
Solo de núcleo rural, orixinario disperso e expansión de núcleo		
Condições	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	500/1.000 m2	4.575 m2
Fronte mínimo a vía pública	8 m.	> 8 m.
Edificabilidade máxima	0,5/ 0,3 m2/m2	-
Ocupación máxima	50/30 %	-
Recuamentos a lindeiros	3,0 m	-
Observacións		

PARCELA 116-1		
Solo de núcleo rural		
Condições	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	-	163 m2
Fronte mínimo a vía pública	-	-
Edificabilidade máxima	-	-
Ocupación máxima	-	-
Recuamentos a lindeiros	-	-
Observacións: Parcela de cesión ao concello para regularización do viario, de dominio e uso público.		

Resto da finca 116
Solo rústico de protección agropecuaria



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Condicións	LSG	Proxecto
Parcela mínima	2.000 m2	14.832 m2
Ocupación máxima	20/60 %	-
Recuamentos a lindeiros	5,0 m	-
Observacións:		

SEGUNDO.- Someter a licenza de segregación ás seguintes condicións:

- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Poderá elevarse a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 163 m2, tal como consta no plano nº 4 ou inscribirse directamente a acta de cesión de viais no Rexistro da Propiedade por este Concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás interesadas aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA REPARACIÓN DE CUBERTA DA ANTIGA CORTE E PAVIMENTACIÓN DIANTE DA VIVENDA EN CORREDOIRAS Nº 56 (ÁNXELES)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 20 de decembro de 2017 (RE núm. 2993) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Antonio Fernández Ramos
DNI:	07839754C
Domicilio:	Lg. Corredoiras nº 56 – Ánxeles – Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Reparación do tellado da antiga corte cunha superficie aproximada de 100 m2, mediante a substitución da cuberta de fibrocemento existente por outra nova a base de fibrocemento e tella. Pintado da fachada da antiga corte en cor branco cunha superficie aproximada de 30 m2. Pavimentación dunha superficie de 150 m2 aproximadamente diante da casa con formigón
Situación:	Lg. Corredoiras nº 56 - Ánxeles
Referencia catastral:	15010A506002120001KL
Orzamento de execución:	4.500 euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso, estando na zona de afección da estrada AC-840
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13/09/2017 autorizando as obras (expediente núm. 2017/0957/CNC)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas de 11/12/2017 (expediente núm. IF205G 2017/000234-1)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 17 de xaneiro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 13/09/2018 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as condicións particulares e condicións xerais da resolución do 11/12/2017 da Axencia Galega de Infraestruturas.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 8.083,30 Euros

Liquidación 2%: 161,67 Euros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Antonio Fernández Ramos indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

8.- SOLICITUDE SERVIZO DE PODOLOXÍA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizo Sociais

INFORME EMITIDO POR: María Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 24/01/2018

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiario do servizo de podoloxía a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:

JOSÉ FRANCISCO REGUEIRO VEIGA (R.E. 3016 data 22/12/2017) - **PODOLOXÍA**

VALORACIÓN TÉCNICA



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia.
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local pofr unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario de podoloxía a José Francisco Regueira Veiga.

SEGUNDO.- Notificar ao beneficiario deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo de 2018. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

9.- APROBACIÓN AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO CUADRIMESTRE DO ANO 2017

Pola secretaria dáse conta que neste mes de xaneiro as entidades subministradoras veñen obrigadas a presentar o modelo de autoliquidación do canon de auga (modelo AU230A) correspondente ao terceiro cuadrimestre do exercicio 2017 e o canon da auga de consumos propios correspondente ao ano anterior.

Visto o padrón de canon de auga aprobado por Decreto de alcaldía número 276/2017 de data 17 de xullo de 2017 correspondente ao segundo trimestre do período impositivo de 2017, cunha liquidación de 3.763,86 €uros, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 21 de xullo de 2017 número 138).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 30 de setembro de 2017.

Visto o importe do canon de auga recadado en relación con este padrón ata o día da data, 25 de xaneiro de 2018, por importe de 3.759,27 €uros.

Visto o padrón do canon de auga aprobado por Decreto de Alcaldía número 450/2017 de data 31 de outubro de 2017 correspondente ao terceiro trimestre do período impositivo de 2017, cunha liquidación de 5.306,32 €uros, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 7 de novembro de 2017 número 211).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 30 de decembro de 2017.

Visto o importe do canon de auga recadado en relación con este padrón agta o día da data, 25 de xaneiro de 2018, por importe de 5.304,79 €uros.

Visto o importe do canon de auga de consumos propios correspondente aos edificios municipais, por importe de 704,82 €uros.

Vista a relación de recibos impagados correspondente ao segundo e terceiro trimestre de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a autoliquidación do canon de auga correspondente a terceiro cuadrimestre do exercicio 2017 por importe total de 9.768,88 €uros, autorizando o gasto de 9.064,06 €uros con



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

cargo a conta extraorxamentaria 20310 do orzamento municipal de 2017 prorrogado no 2018 e 704,82 €uros con cargo á aplicación orxamentaria 161.22501 do referido orzamento municipal de 2017 prorrogado no 2018.

SEGUNDO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do segundo trimestre de 2017 que a continuación se reflexan:

Nome e apelidos	DNI	Domicilio subministro	Débeda
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Camiño de Cheda, 6 (Boimorto)	1,53 €
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Estrada da Mota, 9 (Boimorto)	1,53 €
* Manuel García Sánchez	33241708S	Viladóniga, 13 (Boimorto)	1,53 €

TERCEIRO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do terceiro trimestre de 2017 que a continuación se reflexan:

Nome e apelidos	DNI	Domicilio subministro	Débeda
* Manuel García Sánchez	33241708S	Viladóniga, 13 (Boimorto)	1,53 €

CUARTO.- Efectuar o ingreso na conta número ES83/2080/5355/6031/1003/7252 de Abanca.

10.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MES DE XANEIRO 2018

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de 24/01/2018 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 28/12/2017 e o 24/01/2018 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que non existen variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia quedando tal e como se transcribe literalmente no mes de xaneiro:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRECIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialiación de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Ascensión Fandiño López Rúa Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	30 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	43 puntos
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Dolores Novo Giao Lg. Canto do Balo, Arceo, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	39 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Concepción Graña Sánchez Lg Ponte Boado, Arceo	20 puntos	6 puntos	3 puntos	4 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Lucía Esther Mejuto García Lg Algalia, Dormeá	24 puntos	6 puntos	0 puntos	2 puntos	32 puntos
Benigno López Vázquez	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Lg Viladóniga, Boimorto					
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
M ^a Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
M ^a del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos

2º.- Que non existen variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia a pesar de que hai moita lista de espera e que necesitaríamos que a Xunta nos adxudicase máis horas

4º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de decembro:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto	Grado III nivel 2, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle	Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas.
María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto - Arceo	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Teresa Agra Pampin R/ Gándara nº 52 1º - Boimorto	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Andrés García Balado Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e só 60 efectivamente prestadas a petición do interesado.
José Casal Mato Lg. Piñeiro, Sendelle, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Emilia Enjamio Rodríguez Lg. Corredoiras - Ánxeles	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e efectivamente prestadas
Jesús Barreiro Nouche Lg. Espiñeiro núm. 10, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e só 16 efectivamente prestadas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Aurora Novo Andrade Lg. Coto Salgueiro núm. 11 - Ánxeles	Grao II, 45 horas concedidas e só 9 efectivamente prestadas a petición da interesada
Jesús Cacharrón Portos Lg. Vilanova núm. 3 - Sendelle	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Carmen García Taboada Lg Vilanova, Sendelle	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
Mª del Carmen García García Lg Franzomil, Sendelle	Grao II, 45 horas concedidas e só 33 efectivamente prestadas a petición da interesada
Ricardo García García Lg Franzomil, Sendelle	Grao III, 70 horas concedidas e só 33 efectivamente prestadas a petición da interesado.
Carmen Mejuto Rúa Lg Carretera, Corneda	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
José Filloy Veiga Lg Souto, Andabao	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
Carmen Paz Astray Lg Arosa, Arceo	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Mato Méndez Lg Outeiro, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Sabina Vilariño Vereá Lg Canto do Baló, Arceo	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Josefa García Lodeiro Lg Corredoiras, Os Anxeles	Grao II, 45 horas concedidas e só 33 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Mª Carmen García Ramos Rúa Gándara, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e só 15 efectivamente prestadas por non ter o Concello máis horas dispoñibles.

4º.- Que presentaron solicitude do servizo de axuda no fogar: Manuel Casal Espiñeira con nº de rexistro de entrada 158, acadando unha puntuación total de 35 puntos; Mercedes García Tojo con nº de rexistro de entrada 159 e que acada unha puntuación total de 34 puntos; María Lodeiro Pintor con nº de rexistro de entrada 160 e que acada unha puntuación total de 39 puntos.

5º.- Que tendo en conta as solicitudes antes mencionadas a lista de espera do servizo de axuda no fogar quedaría tal e como segue a continuación á data de 24 de xaneiro de 2018

- 1º.- María Lodeiro Pintor , 39 puntos.
- 2º.- Josefina Paredes García, 36 puntos
- 3º.- María Vila Platas, 35 puntos.
- 4º.- Manuel Casal Espiñeira, 35 puntos.
- 5º.- Mercedes García Tojo, 34 puntos.
- 6º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 7º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 8º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 9º.- Jorge Sánchez Sánchez, 32 puntos.
- 10º.- Asunción Enjamio García, 31 puntos.
- 11º.- Ricardo Castro Novo, 30 puntos.
- 12º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 13º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 14º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 15º.- Herminda García López, 28 puntos.
- 16º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 17.- Pilar Monterroso López, 25 puntos.
- 18º.- Josefa Quintela Abad, 24 puntos.
- 19º.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos
- 20º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- 21º.- Celia Fuentes Costoya, 17 puntos.
- 22.- Jesusa Costoya Mosquera, 15 puntos

Boimorto, 24 de xaneiro de 2018

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo
Traballadora Social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 24/01/2018

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios aos que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionado nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 24/01/2018, incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia a D. Manuel Casal Espiñeira (solicitude presentada en data 24/01/2018 rexistro de entrada número 158) no posto número catro, a Dna. Mercedes García Tojo (solicitude presentada en data 24/01/2018 rexistro de entrada número 159) no posto número cinco e a Dna. María Lodeiro Pintor (solicitude presentada en data 24/01/2018 rexistro de entrada número 160) no posto número un.

CUARTO.- Aprobar e facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude.

- 1º.- María Lodeiro Pintor , 39 puntos.
- 2º.- Josefina Paredes García, 36 puntos
- 3º.- María Vila Platas, 35 puntos.
- 4º.- Manuel Casal Espiñeira, 35 puntos.
- 5º.- Mercedes García Tojo, 34 puntos.
- 6º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 7º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 8º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 9º.- Jorge Sánchez Sánchez, 32 puntos.
- 10º.- Asunción Enjamio García, 31 puntos.
- 11º.- Ricardo Castro Novo, 30 puntos.
- 12º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 13º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 14º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 15º.- Herminda García López, 28 puntos.
- 16º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 17.- Pilar Monterroso López, 25 puntos.
- 18º.- Josefa Quintela Abad, 24 puntos.
- 19º.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos
- 20º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.
- 21º.- Celia Fuentes Costoya, 17 puntos.
- 22.- Jesusa Costoya Mosquera, 15 puntos

11.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencias delegada pola Alcaldía Presidencia, por



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

unanimidade ACORDA:

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF / CIF	Descrición	Importe
8500003207-31/12/17	Alimentación Saludable Gallega, S.L.U. / B27831783	Servizo comidas residencia mes decembro 2017	5.786,22 €
6/2018-10/01/18	Blanco Pampín, S.C. / J70435714	Visita mascota Minnie Maouse e caramelos para cabalgata reis 2018	255,00 €
5/2018-10/01/18		Actividades de animación en festa cabalgata reis 2018 e festa PAI	695,00 €
7/2018-10/01/18		Programa lúdico-educativo conciliación durante o campamento de navidade 2017/2018	1.050,01 €
A/2-18-02/01/18	Gestcalor, S.L. / B94038106	Subministro de pellets para casa consistorial	532,40 €
A/5-18-02/01/18		Subministro de pellets para casa da cultura - PAI	745,36 €
3-11/01/18	Carpintería Metálica Noya e Hijos S.L.U. / B15817687	Reparación cables portal protección civil	197,23 €
03/2018-17/01/18	José M. Presedo Mira / 44848185W	Alumeado navideño (18 arcos luminosos, 3 pinos led e iluminación fachada concello) 2017/2018	2.000,00 €
2-25/01/18	M ^a . Luz Pernas Montero / 76352632S	Subministro material para reparacións centro social maiores	43,69 €
3-25/01/18		Subministro material para reparacións na residencia	12,31 €
4-25/01/18		Subministro material para reparacións en polideportivo	14,44 €
5-25/01/18		Subministro material para servizo de alumeado público	21,37 €
6-25/01/18		Subministro de material para taller	13,14 €
7-25/01/18		Subministro material para reparacións en colexio	10,13 €
A/46019-20/01/18	Suministros Médicos Vigueses Uno, S.L. / B36797637	Subministro de luvas vinilo e body milk para residencia	331,06 €
0009/S18-16/01/18	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Reparación kit estrapolación frenos camión lixo 7428FJK	209,33 €
1-01729446-26/12/17	Nea F3 Ibérica, S.L.U. / B15361348	Mantemento fotocopiadora KM C364E oficinas municipais (23/11/17 a 19/12/17) e de	



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

1-01729447-26/12/17		secretaria BH C35 (19/09/17 a 21/12/17) Mantemento fotocopiadora cor BH C353 residencia (18/11/17 a 18/12/17)	280,87 € 73,23 €
0001969-01/01/18	Tecnoloxías de Desenvolvemento Sociosanitario SL / B05233994	Mantemento programa informático residencia mes xaneiro 2018	59,29 €
28-A8M0-025011-01/01/18	Telefónica Móviles España, S.A. / A78923125	Cota teléfonos móbiles 18/11/17 a 17/12/17	176,28 €
D-1-02/01/18 D-2-02/01/18 D-6-02/01/18	Gasocorredoiras, S.L. / B70521448	Subministro gasóleo automoción Subministro gasóleo calefacción para centro de saúde Subministro gasóleo calefacción para residencia e centro de día	2.625,00 € 340,00 € 1.870,00 €
TA5S80187371 TA5S80187369 TA5S80187372 TA5S80187373 TA5S80187368 TA5S80187375 TA5S80187374 19/01/18 28-A8M0-496718 01/01/18	Telefónica de España S.A.U. / A82018474	Recibo teléfono ascensor concello decembro 2017 Recibo teléfono oficinas servizos sociais decembro 2017 Recibo teléfono oficinas concello decembro 2017 Recibo teléfono centro social maiores decembro 2017 Recibo teléfono xulgado mes decembro 2017 Recibo teléfono residencia decembro 2017 Recibo teléfono ascensor residencia decembro 2017 Línea datos tablet Alcaldía	17,40 € 83,89 € 345,91 € 19,95 € 32,57 € 123,83 € 19,97 € 9,76 €

APROBACIÓN DE GASTO SUPLIDO COMPRA DE TERMO PARA O CENTRO SOCIAL MUNICIPAL DE MAIORES

Vista a declaración de gasto suplido polo empregado municipal D. Manuel Vázquez García, que costeou ao seu cargo o gasto de compra en Electroque S.L de termo 100 ml para o centro social municipal de maiores por importe de 100,01 euros.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

ÚNICO.- Aprobar o gasto suplido polo importe que a continuación se indica, para a finalidade que así mesmo se especifica, así como aprobar o pago correspondente a favor do perceptor que se menciona, con cargo á partida orzamentaria determinada:

Cuantía total do gasto: 100,01 euros.

Finalidade do gasto: termo 100 ml

Perceptor: Manuel Vázquez García

Importe: 100,01 euros.

Partida orzamentaria: 337.21200



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

APROBACIÓN DE GASTO SUPLIDO COMPRA DE SUBMINISTRO DE COPIA DE CHAVES DO POLIDEPORTIVO E CENTRO SOCIAL MUNICIPAL DE MAIORES

Vista a declaración de gasto suplido polo empregado municipal D. Manuel Vázquez García, que costeou ao seu cargo o gasto de compra en Miguel Fraga Dono-Multiservicios Cempés de dúas copias chaves aluminio para polideportivo e dúas copias chaves plana de centro social maiores por importe de 7,00 €uros.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

ÚNICO.- Aprobar o gasto suplido polo importe que a continuación se indica, para a finalidade que así mesmo se especifica, así como aprobar o pago correspondente a favor do perceptor que se menciona, con cargo á partida orzamentaria determinada:

Cuantía total do gasto: 7,00 €uros.

Finalidade do gasto: copias de chaves polideportivo e centro social maiores

Perceptor: Manuel Vázquez García

Importe: 7,00 €uros.

Partida orzamentaria: 342.22199

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos expedientes de decretos números 2017/G003/000590, 2017/G003/000595 correspondentes ao exercicio 2017 e dos expedientes de decretos números 2018/G003/000021, 2018/G003/000010, 2018/G003/000002, 2018/G003/000016, 2018/G003/000032, 2018/G003/000013 e 2018/g003/000024 correspondentes ao exercicio 2018 ditados pola Alcaldía Presidencia avogando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local,(en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 outubro de Réxime xurídico do sector público) quedando os concelleiros que a integran informados.

Ás 12:52 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Boimorto, luns 12 de febreiro de 2018

A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez	A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ
---	--